

SALDOIRA

Revista do IES Martaguisela 2018/19



*Cada día é unha nova
oportunidade para dar
a mellor versión
de ti mesmo!*

Equipo de Dinamización da Lingua Galega



INDICE

XUÑO 2019

- 4 | Un paseo pola vida e obra de Antón Fraguas
- 5 | Antonio Fraguas, ante todo un mestre
- 6 | Festival das Letras Galegas
- 7 | Excursión a Londres, cidade cosmopolita / O IES Martaguisela está de Erasmus +
- 8 | A miña experiencia de Erasmus +
- 9 | Un feito histórico / O que falas é latín. Sabíalo?
- 10 | Desde Chicago ao Barco
- 11 | Contos chineses da economía
- 12 | Cómic
- 13-16 | Alumnado e profesorado do IES Martaguisela
- 17 | Gústanos saber de vós: Xacio Baño
- 18 | En Bruxelas, a capital de Europa / No Auditorio de Galicia e por terras de Rosalía
- 19 | Competencias e Mediación
- 20 | Eu son Heavy / Como se fabrican as pezas dos coches?
- 21 | Tenerife / Descenso do Sella
- 22 | Mergullarse nas letras...
- 23-24 | Breves
- 25 | Toda unha vida / Onde están?
- 26 | Ata sempre Isabel, Olga, Paco e Rafa

...como ave Fénix

Outro ano máis toca despedir o curso para comezar empresa nova, facer reflexión do acontecido na viaxe, recoller as ganancias, froitos do traballo, e facer reconto dos contratempos e das perdas, que tamén houbo. Ben sabemos que o camiño non estivo exento de obstáculos, tropezos que ás veces retrasaron a chegada, erros reveladores dos que aprendemos a levantarnos sen botar contas do número de intentos. As dificultades non foron, nin son, máis que oportunidades para medirnos, para medir do que somos capaces e continuar a viaxe, un pouco máis sabios, á espera doutras tormentas, que de seguro virán e que nos ensinarán o fortes que aínda podemos ser e do que somos capaces. Pero non sen esforzo, con sacrificio e sen concesións ás escusas.

Insistir e nunca desistir, quedar no niño ou aprender a voar, renacer das túas propias cinzas, para ofrecer, unha vez máis, a mellor versión de ti mesmo! **Como ave Fénix da nosa portada.**



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

COORDINADORA..... Marta Cortés
REVISIÓN ORTOGRÁFICA..... Luisa Rigueira
DESEÑO DE PORTADA... Iria Rodríguez, Jasmin Maultbesch

COLABORACIÓNS..... Manuela Álvarez, Inés Cao, Manuel Agra, Sara Moldes, Rose Deus, Marta Cao, Vicente García, Clara Vizcaya, Alyse Gowgiel, Esther Ramos, Álvaro López, Xacio Baños, Valentina Escoval, Irene Martínez, Noemí Núñez, Sara Barroso, Julia Barrio, Ana M^a Fernández, Lucía González, Nacho Noya, Antela Roo, Jorge da Rosa, Amlau Rodríguez, Elva Delgado, Eduardo Ojea, Belén Vázquez, María Santos, Mirita Moreta, Sara Barroso, Marina Fernández, Tania Fernández, Carolina Lameiro, Luis Rodríguez.

Letras Galegas 2019

Un paseo pola vida e obra de Antón Fraguas

Manuel Agra. Profesor de Lingua e Literatura galega

A Real Academia Galega acordou que o protagonista do **Día das Letras Galegas de 2019** era **Antón Fraguas**. Xustifica tal escolla porque Antón Fraguas era *"Membro das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos (SEG) na mocidade, historiador, etnógrafo, director e presidente do Museo do Pobo Galego, profesor depurado polo franquismo e querido polo alumnado, narrador oral excepcional e intelectual cunha popularidade pouco común... dedicou a vida ao estudo da cultura e do territorio galegos desde distintos eidos, con especial atención e mestría á antropoloxía. Cos seus traballos e conferencias contribuíu ademais a defender o galego como lingua de expresión válida para calquera coñecemento, unha idea cuxa reivindicación segue a ser necesaria"*.

Antón Fraguas Fraguas naceu no lugar de **Insuela** -parroquia de Loureiro-, no concello de **Cotobade**, o día 28 de decembro de **1905**. Próximo a cumprir noventa e catro anos, morre en Santiago de Compostela o día 5 de novembro de **1999**. Tras os primeiros anos de estudo -na casa, en escolas públicas e privadas-, entre **1919 e 1924** temos a Antón

cursando o **Bacharelato** no **Instituto de Pontevedra**. Nel terá como **profesores** nada menos que a **Castelao** e a **Losada Diéguez**, os cales deixarán unha pegada importante nestes momentos decisivos da formación de Antón.

Tras o Bacharelato, a partir de 1924, cursa -dunha maneira brillante- **Filosofía e Letras** na **Universidade de Santiago de Compostela**. Ingresas nas Irmandades da Fala e comeza a colaborar co **Seminario de Estudos Galegos** no que ingresa en 1928 co estudo **O castro de Soutolongo (Lalín)**. Dentro do Seminario colaborará nas seccións de **Xeografía, Etnografía e Folclore e Prehistoria**. A súa **primeira publicación en galego** será no ano 1929 no xornal **A Nosa Terra** e leva por título **Unha serán na Catedral**. Con López Cuevillas e Purificación Lorenzana publica - en 1930-, en **Arquivos** o seu primeiro traballo relacionado coa **arqueoloxía**:

Mámoas do Sabiñao. Co Seminario de Estudos Galegos participa en varias xeirras ou traballos de campo co obxectivo de estudar as comarcas galegas. Varias destas xeirras foron na **Terra de Melide** das que saíu, en 1933, o coñecido libro co mesmo título. Antón Fraguas foi o encargado de catalogar os xacementos castrexos. Estes anos tiñan que ser, por forza, os máis felices e ilusionantes da súa vida, compartindo investigación e amizade con Castelao, Otero Pedrayo, Cuevillas, Figueira Valverde, Vicente Risco, Bouza Brey, Xaquín Lorenzo, entre outros.



Entre 1929 e 1933, Antón Fraguas exerce a **docencia** como profesor auxiliar na **Facultade de Xeografía e Historia** na Universidade de Santiago de Compostela. No ano 1933, incorpórase como profesor ao Instituto da Estrada. Ademais do seu labor docente, nesta comarca cataloga castros, mámoas, organiza excursións pola contorna e monta un museo no centro para expoñer os obxectos atopados. Pero, o 20 de maio de **1937** a **Comisión de Depuración de Enseñanza de Pontevedra** ordena a súa **separación definitiva do ensino público**. Antón Fraguas, que pertencía ao Partido Galeguista, participou activamente na campaña a favor do Estatuto de Autonomía de Galiza e, como tantos outros e outras, **sufriu a represión franquista**.

Tras ser apartado do ensino público, exerceu o **ensino privado** ata que en maio de **1950** foi nomeado **catedrático de Xeografía e Historia** do Institu-

to Nacional Masculino de Lugo (**actual IES Lucus Augusti**). Nel, estará ata **1959** cando se traslada como profesor ao Instituto Nacional de Ensinanza Media Rosalía de Castro (**actual IES Rosalía de Castro**), onde permanecerá ata a súa xubilación en 1975.

En 1951 foi nomeado membro numerario da **Real Academia Galega**. O seu discurso de entrada será: *Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán (Coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade)*. Fraguas ocupa a cadeira do seu antigo profesor en Pontevedra e despois compañeiro de tantas empresas galeguistas, Castelao.

No ano 1963, Antón Fraguas foi nomeado **director** do Museo Municipal de Santiago, situado no convento de San Domingos de Bonaval, que no ano 1975 pasou a ser denominado **Museo do Pobo Galego**. Xaquín Lorenzo era o Presidente da Fundación e tras a súa morte en 1989, Antón Fraguas ocupará os cargos de director e presidente.

Membro do Consello

da Cultura Galega e Cronista Xeral de Galiza, entre outros cargos, Antón Fraguas realizou, como dixemos, **numerosos estudos sobre a cultura popular, a xeografía, a arqueoloxía e a arte**. Ameno e prolífico conferenciante, tamén escribiu numerosos libros e artigos de divulgación. Por citar só algúns dos seus **libros**: *Aportacións ó cancionero de Cotobade* (1985), *Romaría e santuarios* (1988), *Galicia máxica* (1991) ou *A festa popular en Galicia* (1995). Os seus **artigos** enchen as páxinas de libros, xornais e revistas: escribiu sobre lendas, dolmens, petróglifos, mámoas, o Entroido, o Nadal, o Domingo de Ramos, a Noite de San Xoán, costumes de fin de ano, músicos e cantores populares, o traxe tradicional, o dote, sobre a paisaxe galega, sobre as cidades, sobre as rías, o Miño... Co espírito do Seminario de Estudos Galegos, **Antón Fraguas estudou toda a nosa variada cultura con paixón e dedicación**.

Antonio Fraguas, ante todo un mestre

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO IES MARTAGUISELA

Das múltiples facetas que tivo este erudito da cultura galega quixemos salientar, como non, a de mestre. Mestre, por certo, perseguido pola polas súas actitudes galeguistas, e mesmo sendo depurado do seu posto de traballo tralo Golpe de Estado do 18 de xullo. Quedémonos, entre tanto legado, coa capacidade de traballo extraordinaria e o propósito de superación de non poucas dificultades para chegar a vivir por e para a cultura galegas.

Neste estrato, que a continuación reproducimos, do libro de Héctor Cajaraville *Antonio Fraguas. O bo mestre, o mestre bo*, poderedes atopar máis datos da figura homenaxeada o Día das Letras Galegas 2019 e comprobar, tamén, que a súa dimensión humana está á altura desta homenaxe.

Antonio Fraguas era, antes que historiador, xeógrafo, bibliógrafo, etnógrafo, antropólogo...!, un mestre. Para moitos dos seus alumnos e alumnas, Fraguas foi o profesor que mellor e máis fonda lembranza lles deixou da súa época de estudantes, e todos e todas destacan a súa proximidade, a súa afección e a súa disposición para dar un consello, resolver unha dúbida ou axudar naquilo que estivese dentro das súas competencias. O seu apoio ao alumnado máis desfavorecido era incondicional, e máis dunha vez tivo que enfrontarse a outros compañeiros profesores para defender un trato xusto aos estudantes de familias máis ricas ou influentes. A pesar das moitas ocupacións, a faceta de profesor sempre foi a súa prioridade, e nos seus corenta e sete anos de exercicio docente nunca deixou de dar unha clase por atender outras actividades quizais máis relevantes ou de maior prestixio. Nos centros polos que

pasou aceptou cargos de responsabilidade de todo tipo: a dirección, a secretaría, a xefatura de estudos, a atención aos alumnos bolseiros, a coordinación das actividades culturais, e nos últimos tempos exerceu como titor de profesorado en prácticas, para asesorar, aconsellar e supervisar aos docentes de nova incorporación. Así converteuse tamén en mestre de mestres (...) Para Fraguas o ensino ideal era unha combinación de teoría e práctica, e por ese motivo as súas explicacións se completaban con saídas, visitas e excursións que el mesmo organizaba e nas que participaba, moitas veces os sábados á tarde, os domingos ou mesmo nas súas vacacións. Na aula, trataba sempre de achegar exemplos próximos e comprensibles para que as súas explicacións fosen mellor asimiladas, e os seus cadernos estaban repletos de anotacións sobre os comportamentos, as actitudes, o grao de atención



Saída ao campo cos seus alumnos do Instituto da Estrada (a. 1936).

e participación e mesmo o carácter dos alumnos e alumnas, pois cantos o coñeceron destacan a súa capacidade de observación e a importancia que lles daba a todas estas cuestións situadas máis aló do puramente académico. En moitos sentidos, Fraguas foi continuador das liñas marcadas polos promotores da Institución Libre de Enseñanza, unha corrente nacida a finais do século XIX e que defendía unha renovación pedagóxica sobre os principios da formación integral do alumnado nun contexto de neutralidade ideolóxica, tolerancia e respecto. Unha proposta educativa que, como tantas outras cousas, quedou anulada pola guerra civil española e a ditadura posterior. A súa bondade dentro e fóra das aulas era tan manifesta que xa en Lugo, pero sobre todo despois en Santiago, os seus alumnos acabaron por poñerlle o alcume de "San Fraguas", tal vez o título, entre os moitos que tivo, do que máis orgulloso se sentiu o seu posuidor.



Festival das Letras Galegas

Equipo de Dinamización da Lingua Galega



Como todos os anos os centros educativos do Barco de Valdeorras xuntamos esforzos para organizar actividades arredor da Semana das Letras Galegas. Por un lado, promocionamos a figura homenaxeada, Antón Fraguas, eminente estudoso do patrimonio etnográfico e cultural, tanto material coma inmaterial, de Galicia, e tamén, por extensión, promocionamos a cultura e a lingua galega. Saímos á rúa, facendo visible, en forma de camisetas, a tipoloxía do traxe tradicional galego sobre o que tanto escribiu Fraguas. *Presume de prenda, presume de lingua*, titulamos a campaña, e vaia se presumimos! O Malecón era un tendal xigante engalanado con camisetas brancas portadoras de todo o enxeño, imaxinación e bo facer do alumnado dos nosos centros. Xa noutras campañas realizadas polos equipos barquenses, a idea de poñer de moda o galego foi o fío condutor. **Alumnado de primeiro curso de ESO**, coordinado pola profesora de plástica, Marga García e pola profesora de Música, Marta Cortés, fixo a súa contribución ás duascenas cincuenta camisetas que “vestiron” co traxe galego ás árbores do Malecón.

Non quedou aí a cousa, pois, outro ano máis colaboramos cos establecementos do Centro Comercial Aberto para promocionar as nosas Letras. As camisetas chegaron tamén aos escaparates. **O alumnado de Artes do noso centro**, supervisado pola súa profesora de Debuxo Artístico, Marga García esmerouse coas súas creacións, que están expostas nas tendas para deleite de todos.

Parabéns outro ano máis aos equipos polo labor coordinador que tantos éxitos, na procura da promoción da lingua galega, nos ten dado.

Excursión a Londres, cidade cosmopolita

Inés Cao e Sara Moldes 1º Bacharelato B

Desde o 31 de xaneiro ao 3 de febreiro, os rapaces de 1º de Bacharelato fomos a Londres acompañados polos profesores Alyse, Fran e Nacho. O 31 todos nós debíamos estar ás cinco e media da mañá no autobús que nos levaría cara ao Porto onde colleríamos o avión que nos ía deixar en Londres. Ao baixar do avión todo estaba nevado! E que frío ía... Unha vez fóra, tomamos outro autobús que nos levou ata a porta do Hotel 65. Deixamos a equipaxe e comezou a aventura. Puidemos viaxar tanto en metro como no bus e crear novas anécdotas; como can-

do cantamos a capela A Rianxeira. Todos estabamos encantados excepto o condutor...

O primeiro que puidemos ver foi a Abadía de Westminster, o London Eye e o reloxo do Big Ben (que estaba en obras). Esa noite mentres volvíamos ao hotel pasamos por Trafalgar Square onde non nos puidemos resistir a reinterpretar unha escena da película Rocky. Para ampliar os nosos coñecementos, estivemos no Natural History Museum, The National Gallery, Tate Modern e o British Museum. Unha mágoa non velos completamente

mais foron, xunto ao musical sobre a vida de Michael Jackson, Triller Live, o máis entretido da viaxe.

Camiñamos moito pero os nosos guías ían contando pequenas historias que facían a xornada máis amena. Aprendemos curiosidades sobre a Torre de London, London Bridge, Buckingham Palace...

Pero como todo biscoito saboroso, pronto se acaba. En xeral foi unha experiencia marabillosa que algún día nos gustaría repetir.



O IES Martaguisela está de Erasmus +

Rose Deus. Profesora de Inglés

O IES Martaguisela está inmerso nun programa KA229 do Erasmus+ relativo ás Dimensións do Patrimonio Cultural Europeo (D.E.C.H.) cunha duración de dous anos escolares. Este proxecto está avalado pola Unión Europea e a axencia nacional SEPIE.

O país coordinador é Polonia e os socios colaboradores son os seguintes países: Croacia, Romanía, Francia (A Martinica), Grecia e España.

A primeira mobilidade acaba de ter lugar en Grecia, na localidade de Peta (Arta), país ao que se trasladaron dous profesores deste instituto para coñecer os socios colaboradores e poñer en marcha este programa de difusión da cultura de cada país. Nesta primeira reunión presentáronse os centros e o logo sobre o que estivo traballan-

do o alumnado de cada país e que se votou entre os alumnado. A votación final será realizada en cada país e o logo seleccionado será usado para todo o proxecto.

Durante a estancia en Peta, traballouse no instituto e o profesorado estivo moi involucrado co alumnado e os seus pais e nais. Fíxose unha excursión ás lagoas para observar a biodiversidade e observar as aves da zona e visitamos a cidade de Arta, coa súa famosa ponte e a igrexa bizantina.

Desde o IES Martaguisela faise fincapé na importancia de participar neste tipo de proxectos, por ser unha forma de trasladar o noso patrimonio fóra das nosas fronteiras e por facer a outras persoas partícipes da nosa riqueza cultural.

A miña experiencia de Erasmus+

Marta Cao, Sandra Ramos 4º ESO

1-Cóntanos en que consistiu a vosa viaxe, con quen fostes, que persoas coñecestes...

Esta viaxe á que fomos foi un proxecto de Erasmus+. Viaxamos o día 4 de abril, unha viaxe esgotadora, dunhas doce horas, e volvemos o 12 de abril. Visitamos Romanía, en concreto unha pequena cidade duns 250.000 habitantes chamada Oradea.

A viaxe consistía en que cada un ía á casa da persoa que a acollía, a fin de semana realizabamos as actividades que nos tiña preparada cada familia, durante a semana tiñamos un itinerario con visitas ao centro da cidade, a montaña...

A esta viaxe acompañáronnos Milagros e Rose, as nosas profesoras. Xunto comigo foron outros compañeiros e compañeiras: María, Sandra, Esther, Inés, Belén e Mario. Alí coñecemos a parte das persoas que nos acolleron e ás súas familias, coñecemos tamén a persoas de Grecia, Croacia, Polonia e a Martinica e a moitos compañeiros da nosa idade de Romanía.

2- Que vos aportou e canto a coñecementos esta viaxe?

Coñecemos novas culturas, como conviven nos seus fogares, probamos alimentos tradicionais de alí (que desde o noso punto de vista non estaban nada bos), ampliamos os nosos coñecementos de inglés e por suposto de romanés, e o máis importante foi que cambiamos o noso punto de vista cara eles. Son as persoas máis amables e acolledoras que coñecemos nas nosas vidas.

3- Como é o país ao que fostes?

É un país no que destaca o seu sentimento de orgullo e pertenza cara a súa patria. Gústalle moito a relixión, e as diferenzas tanto económicas como sociais son moi notables, non hai termo medio.

4- Coméntanos algún feito que vos sorprendera.

En todos os lugares que visitabamos, mesmo dentro das casas, dos colexios... había sempre bandeiras. Os nenos tiñan un nivel de inglés impresionante, alí as películas e os programas de televisión estaban no idioma orixinal e logo con subtítulos en romanés. A xente de alí gústalle moito o reguetón e viste seguindo moito a moda.

5- Que vos aportou a nivel persoal esta experiencia?

Axudounos moito a desenvolvernos e a valernos por nós mesmos, así como o instinto de supervivencia. Axudounos a darnos conta en ocasións, de que os nosos pais non van estar aí sempre e a apreciar o que temos e valoralo. Foi tamén moi importante socializar e perder a vergoña ante os demais.

Por suposto temos que recoñecer que os demais profesores estaban moi orgullosos de nós porque eramos os que máis socializabamos.

6- Recomendades esta experiencia?

Claramente si. Ao principio, como todo, vai dar medo e pode que teñamos esa sensación de morriña e tristeza, pero hai que aproveitar e saír de vez en cando da nosa zona de confort, iso axudaranos a darnos de conta de moitas cousas.



Un feito histórico: A primeira imaxe dun buraco negro (NASA 2019)

Vicente M. García. Profesor de Física e Química


Por vez primeira na Historia os investigadores publicaron os resultados do Event Horizon Telescope, unha iniciativa global para mostrar o horizonte de sucesos de dous destes obxectos. A captura mostra o buraco negro supermasivo do centro da galaxia Messier 87!

Os buracos negros, cuxa existencia xa predixo Albert Einstein, cando no ano 1915 publicou a súa famosísima Teoría da Relatividade, poden considerarse formados a partir de estrelas en extinción. Cando unha estrela apágase, debido a que deixa de emitir enerxía por causa do esgotamento do hidróxeno que produce a fusión nuclear, entón ocorre un proceso no cal a masa se vai concentrando máis e máis, ata tal punto que o campo gravitacional que crea é tan intenso que absorbe calquera tipo de materia ou enerxía (inclusive a luz) que se aproxima á súa zona de

influencia. Calquera cousa que se aproxime ao buraco negro é “engulida” por este. Por exemplo, se un planeta se aproxima á zona de influencia do buraco negro, este o absorbe e por tanto a masa do buraco negro faríase aínda máis grande, e como consecuencia o campo gravitacional que crea sería aínda máis intenso. É como un estómago sen fondo, que canto máis devora, máis fame ten. Poden detectarse os buracos negros? A resposta é afirmativa. Aínda que a radiación emitida desde un buraco negro non é captada polo ollo humano (o cal só capta as ondas electromagnéticas correspondentes ao visible), con todo, esta radiación (que basicamente son raios x), pode ser detectada, aínda que para iso debe superarse o inconveniente de que a radiación emitida desde un buraco negro non é capaz de atravesar a atmosfera terrestre. Por conseguinte,

debe lanzarse un satélite que orbite ao redor da terra e que veña equipado coa tecnoloxía suficiente para captar a devandita radiación electromagnética, e ademais poida enviar á terra os datos correspondentes para a súa análise e estudo.

Que non nos pille preto un buraco negro!



O que falas é latín. Sabíalo?

Álvaro López. Profesor de Latín e Grego

Con frecuencia escoito aos nacionalismos peninsulares reivindicar o propio, e preguntome por que nunca se inclúe o latín nesas reivindicacións. O nacionalismo galego, así como o nacionalismo español e catalán, non mostran moito interese por recoñecer e valorar as súas raíces lingüísticas, cousa cando menos curiosa cando eses mesmos nacionalismos fan da lingua un dos seus fundamentos máis reverenciados.

E paréceme particularmente incoherente no caso galego, tendo en conta que a nosa lingua é conservadora, e como tal afastouse menos do latín que o castelán ou o catalán. Non é necesario ser ningún experto na materia para notar que “*ego sum*” aseméllase máis a “eu son” que a “yo soy”. E aí están substantivos latinos como *fenestra* ou *saeculum*; adxectivos como *longus* ou *formosus*; verbos como *dubitare* ou *fervere*... moreas de palabras que non deberían soar estrañas a oídos galegos.

Polo que respecta a quen renega das teimas identitarias, e defende que hai que ser cosmopolita, internacional, e teñen os ollos postos no inglés como lingua do futuro; opino que tamén dende ese punto de



vista cabería resaltar a débeda coa lingua latina. De feito moitas palabras inglesas relacionadas coa educación emerxen do latín: *education, class, course, academy, Geography, History, Art, Literature*...

Sen esquecer verbas tan pouco intelectuais como “paraugas” (*umbrella* en inglés; *umbella* en latín).

Haberá quen alegue que xa choveu moito, que xa pesan máis ás diferenzas (sobre todo a nivel sintáctico) que as semellanzas... pero precisamente por esas diferenzas o latín permite unha reflexión lingüísti-

ca que non permiten outras linguas, e que facilita a aproximación a idiomas que, como o alemán, o grego ou o ruso, seguen empregando procedementos que están no latín (como a declinación).

Neste mundo que corre tan rápido, parece que é imperativo soltar lastre e tirar as cousas vellas, e non nos decatamos de que xustamente por ese carácter vertixinosamente cambiante, moito do que hoxe se considera novo será vello de aquí a dez anos. Pero as nosas raíces seguirán sendo as mesmas. Coidémolas.

Desde Chicago ao Barco

Alyse Gowgiel. Auxiliar de conversa do IES Martaguisela



Wow, these have been 3 awesome years at Martaguisela. I am so lucky to have been placed here in 2016. Thank you to everyone here--my coworkers, the secretaries, the wait staff at the café, and above all, the students. On our good days, we had some interesting discussions, you were very engaged and competitive in the games we played, and you made me laugh really hard. On bad days, I hadn't planned properly or you chatted too much, but "no pasa nada." I know the phrase you probably learned most from me was "Sorry I'm late," and I'm really sorry to have set a bad example in regards to punctuality. But apart from that, I really appreciate the chance to be part of your lives, even for a few hours a month. You have also been an important part of my life for these three years. Students in all levels have impressed me with their English proficiency, curiosity, and willingness to risk embarrassment in the pursuit of communication. I think in language learning, the last two in that list are even more important than proficiency or talent. If you want to get good at speaking

a new language, you have to be willing to mess up. "Life begins at the edge of your comfort zone," and so does fluency. The process will be long and frustrating, but please don't give up. Take me for example-- I studied Spanish formally from age 12 to 21, and that entire time, Spanish was my favorite subject (even when I disliked the teacher). However, I never even tried to get over my embarrassment of speaking and making mistakes, until I was 20. Once I started trying to communicate, my fluency got a lot better. Obviously, my accent hasn't gone away, and most likely neither will yours, but it doesn't matter because everyone speaking English as a foreign language has an accent, and the world keeps turning. So my advice to you is that even if you don't love studying English, keep it up, and keep trying to communicate, even with an accent. And not because it will give you an advantage, not because you need it for a job. Study English (and everything else that's available to you) because knowledge makes you a better, smarter person than

you would be without knowledge, and you will meet more people and, if you are lucky, see more places.

For an American my age, the opportunity to help teachers part-time as an Auxiliar de Conversación in Spain is a really cool, unique opportunity. However, according to what I've heard, not all "Auxs" are as lucky as I've been. I talk with them via Facebook pages for Auxiliars all around Spain, so I know that some people in my position "no lo pasan bien." Some have problems with their coworkers, others have disrespectful students, and some don't like the towns they are placed in. So that makes me even more grateful for the sweet students, nice atmosphere and special opportunities that I have enjoyed at Martaguisela. I know that not everyone in my position gets invited to participate in field trips, and see theatrical productions, and graduation dinners, and enjoy the good vibes of a place like O Barco.

Working in a school has shown me that teaching is way more difficult than I thought it was when I was in high school. There is so much work that goes into it. So make sure to show appreciation to your teachers, because as you know, they are awesome. It really has been a privilege for me to work with Elva, Manolo, Milagros, Nacho, Rose, and previously, Natalia and Ana. Not to mention all the other wonderful members of the faculty and staff that make this school special.

Next year, I hope another Auxiliar takes my place and gives you a fresh perspective on the culture and customs of another English-speaking part of the world, and speaks to you in a new and more interesting accent than mine. If everything goes according to plan, I will still be living in O Barco next year, but working at a different school (for real this time...sorry for the false alarm last year). So if you see me around after my contract ends on May 31, talk to me in English or "Spanglish," and tell me something cool that's going on in your life, because my favorite part of working at Martaguisela has been you.

—
Guau, foron tres anos increíbles no Martaguisela. Tiven moita sorte cando me enviaron aquí alá polo 2016. Quero dar as grazas a todos: compañeiros, persoal de secretaría, persoal de cafetería e, sobre todo, aos alumnos. Nos días bos tivemos debates interesantes, amosástesvos moi

comprometidos e competitivos nos xogos e o certo é que escachei a rir. Nos días malos, ou ben eu non traía a clase moi planeada ou ben non calabades, pero “ non pasa nada”. Sei que probablemente o que máis me oístes dicir foi: “Sintoo. Chego tarde” e de verdade que sinto ter sido un mal exemplo de puntualidade. Pero alén diso, quédome coa oportunidade de ter sido parte das vosas vidas, aínda que fose só por unhas horas ao mes.

Vós tamén fostes unha parte importante da miña vida estes últimos tres anos. Sen importar o curso no que estabades, impresionoume o voso bo nivel, a vosa curiosidade e o voso desexo de arriscarse ao ridículo con tal de vos facer entender. Coido que cando se aprende un idioma, as dúas últimas que mencionei son mesmo máis relevantes ca perfección ou o talento. Se un quere mellorar á hora de falar unha lingua, ten que estar disposto a cometer erros. “A vida comeza onde remata a túa zona de confort” e o mesmo acontece coa fluidez. O proceso vai ser longo e frustrante, pero por favor, seguíde adiante. Sirva eu como exemplo- estudei castelán de xeito formal desde os 12 ata os 21 e en todo ese tempo o castelán foi a miña materia favorita (mesmo cando non me gustaba o profesor). Con todo, nunca tentei librar-me da vergoña de falar e cometer erros ata que fixen os 20. Cando comecei a tentar comu-

nicarme foi cando collín fluidez. Está claro que o meu acento segue aí, igual que case seguro estará o voso, pero iso non importa porque todos os que falan inglés como lingua estranxeira teñen un acento e iso non fai que o mundo deixe de xirar. Por iso o meu consello é que mesmo se non vos encanta o inglés, non o deixedes e sigades tentando comunicarvos, malia ter acento. Non tanto porque sexa unha vantaxe nin porque axude a atopar traballo. Facédeo, estudade inglés (e todo o que este ao voso alcance) porque o coñecemento fainos mellores e máis intelixentes e tamén porque así coñeceredes máis xente, e, se hai sorte, outros lugares.

Para unha americana da miña idade, ter a oportunidade de axudar aos profesores a tempo parcial como auxiliar de conversa foi algo bonito e único. Aínda así, polo que puíden chegar a saber, non pensedes que todos os auxiliares teñen a sorte que tiver eu. Adoito falar con algúns deles polas páxinas de facebook que os auxiliares temos por toda España e pódovos asegurar que algúns non o pasan nada ben. Hai varios motivos: problemas cos compañeiros, alumnos maleducados ou simplemente que non lles gusta o lugar que lles tocou. Todas elas fan que valore aínda máis os meus alumnos “riquiños”, o bo ambiente laboral e as oportunidades das que gocei no Martaguisela. Son consciente de que

non todos os auxiliares se lles convida a participar nas viaxes de estudos, ver obras de teatro, ir a ceas de gradación ou gozar do bo ambiente dun lugar coma o Barco.

Traballar nun instituto ensinoume que ser profesor é moito máis difícil do que pensaba cando era alumna. Hai moito traballo detrás, polo que debedes asegurarnos de amosar respecto polos vosos profesores porque, como sabedes, son impresionantes. Para min foi un privilexio traballar con Elva, Manolo, Milagros, Nacho, Rose e anteriormente, con Natalia e Ana, sen esquecerme doutros membros desta comunidade educativa que a fan ser tan especial.

O vindeiro curso espero que outro auxiliar ocupe o meu posto e aporte unha perspectiva nova que encha de frescura a cultura e os costumes doutro recanto anglofalante do mundo e que vos fale nun acento novo e máis interesante ca o meu. Se todo vai segundo o previsto, seguirei vivindo no Barco pero traballarei noutro centro (desta volta vai en serio, sinto a falsa alarma do ano pasado) Así que se me vedes por aí despois de rematar o meu contrato o 31 de maio, faládeme en inglés ou en “spanglish” e contádeme algo “molón” das vosas vidas porque o mellor de traballar no Martaguisela fostes vós.

Tradución : Nacho Noya, profesor de Inglés

Contos chineses da economía

Inés Cao e Sara Moldes 1ºBAC B.

“A lista Porbes dos homes e mulleres máis pobres.”

Un ano máis, a revista Porbes ofrecenos datos sobre os homes e as mulleres máis pobres do mundo. Os tres primeiros postos, permanecen invariables e son, un ano máis para Rasid, Ilinia e Dudar, tres mulleres de Sudán que durante a última década, disputaron ese posto. É posible que a caída do prezo do trigo provocada na bolsa de Chicago polas presións especulativas dos fondos dos futuros tiñan que ver coa entrada na lista con forza de Norah, unha muller de Etiopía que se sitúa no posto seis da lista desde o posto 25.323.331 que ocupaba o ano pasado.

Tamén resulta curioso comprobar como Imra, muller de Bangladesh de 34 anos, deixou esta lista tras unha década nos primeiros postos por culpa do microcrédito que obtivo para a compra dunha bicicleta que lle permite na actualidade levar a cabo unha actividade empresarial na súa localidade.

En canto aos postos dos pobres españois,

va de máis españois en postos similares”.



o forte impacto da crise provocou que no posto 3.455.234.222 apareza Miguel Torrecilla, un peón en paro, con hipoteca e seis fillos. Fontes do goberno, informaron de que “é unha prioridade da executiva actual lograr os axustes no presuposto suficientes que permitan a entrada masi-

Ao ler este relato, extraído de *Cuentos chinos de la economía*. “Os Econoplastas” só podemos coñecer unha historia máis das millóns que existen hoxe en día. Se o pensamos ben, desde a antigüidade sempre existiron diferenzas entre ricos e pobres. Non resulta unha novidade que ao vermos este escrito non nos abraiemos de que cunha pequena caída nos prezos do trigo unha persoa pase de ter unha boa calidade de vida a estar nos dez primeiros postos da “lista

Porbes”. Resulta difícil comprender por que sucede isto, mais é algo que levará tempo solucionar. Nós, somos o futuro, e polo tanto os encargados de facer todo o posible para erradicar estes problemas. “YES, WE CAN” Barack Obama.

POR QUE BATMAN NON SORRÍ



NO ANO 80

ASÍ QUE DÍXENLLE A JOKER
TES ALGO NA CARA
AH SI! O MEU PUÑO!



QUE??
ESTOU A
FACER
UN ALBUM

ANDA
DAME ISO!



DÉ VERDADE SON
ASÍ CANDO ME RÍO?

TÉMOME
QUE SI



E ASÍ FOI COMO BATMAN
DECIDIU QUE NON VOLVERÍA
SORRIR MÁIS

NUNCA
MÁIS









Gústanos saber de vós: Xacio Baño

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Xacio Rodríguez Baño, foi alumno do noso centro, nado en Xove en 1983, é un director do audiovisual galego. É membro da Asociación de Directores e Realizadores de Galicia. Estudou cinematografía na Universidade de León. Despois de traballar en diversos proxectos audiovisuais dá o seu salto á dirección. Produce, escribe e dirixe varias curtametraxes, todas elas orientadas a xogar coa linguaxe audiovisual para atopar a súa propia narrativa. Grazas Xacio, por contestar tan amablemente ás nosas preguntas e por abriarnos un recuncho do teu quefacer diario que agardamos estea cheo de moitos éxitos máis!

1.-Fálanos un pouco da túa traxectoria académica, que estudaches?

Comecei a estudar Enxeñería Industrial en Madrid, pero deixei ao non verme toda a vida traballando diso. Digamos que tiña o desexo de estudar Enxeñería, pero non a necesidade. Así que decidín estudar cine na Universidade de León, campus de Ponferrada, diplomándome en cinematografía especialidade en Edición e Posproducción de imaxe.

2-Que recordos tes do teu paso polo Martaguísela?

Eu viña de facer a antiga EXB (porque son do último ano de BUP e COU) en Manzaneda, así que o salto a primeiro de BUP, con tanta xente, 4 clases por curso, trinta alumnos por aula... Foi un golpe de realidade ese baixar da montaña.

Formei o grupo de amigos que me acompañan ata o día de hoxe, amigos que fomos coincidindo a medida que iam pasando cursos. Lémbrome, ao coincidir coa adolescencia, de todos os espertares. Quizais é a época na que máis me rin, supoño que ten que ver con non ter aínda as presións de ser adulto. E de profesores que retaban e que esixían. E iso sempre me gustou.

3- Cando te decataches do que che gustaba facer especialmente?

Pois por ensaio-erro. Foi no segundo ano en Madrid estudando enxeñería. A min nunca me gustara o cine. Pero estando en Madrid, si que apareceu esa necesidade de contar, de expresarme. E intuitivamente entendín que o cinema ía ser unha boa ferramenta.

Así que, despois de provocar un pequeno terremoto sísmico familiar, comecei a estudar Cine. Tamén tiña claro que non quería estudar dirección ou guión. Entendín que a ter a túa propia voz, e a túa mirada, non se pode ensinar.

4- Houbo algún feito concreto, ou algún profesor ou profesora que marcara ou influíra dalgún xeito no teu futuro profesional?

Unha das cousas que máis traballo nas miñas películas é a memoria, porque eu carezo dela. Lémbrome de varios profesores que me advertiron, que aínda que se me daban ben as ciencias, había algo cando redactaba ou inventaba textos e historias que era potente. Lembro escoitalos e non facerlles caso.

Ao remate todos os profesores márcante. E se tes sensibilidade, séguete acompañando toda a vida, porque ata os que sentes que non che aportan, cos anos chegas a entender certas aprendizaxes, e certas maneiras de empurrarte e de ensinar.

5- Que foi o que che resultou atractivo do cine?

A posibilidade de entender o mundo. E entenderme a min. Ao remate iso é o que máis me gusta: ter o tempo para o que amo, e de paso aprender por que somos como somos.

6- Cal das túas películas aprecias máis e por que?

A que máis me gusta é Eco, porque é a única que non sae de min. Se non que é un "encargo" ou un convite dun amigo para que conte os diarios da súa nai morta.

Foi un proceso vital ler eses diarios de media vida, pórme na pel dunha muller, como lle cambia a vida os fillos, o marido, a sociedade...

Sentín moita presión para facela, porque hai algo ético moi potente detrás, mais estou moi contento co resultado.

7- Cántanos algunha anécdota das rodaxes.

Probablemente sexa o director menos dado a anécdotas, desconecto bastante do mundo ao rodar, e cústame estar ao tanto das anécdotas que soen acontecer por moreas nas rodaxes.

As miñas anécdotas teñen que ver máis con procesos creativos.

Pero lembro unha que sempre me recordan. Foi na rodaxe de ECO, a curta da que che falaba antes. O último día de rodaxe o produtor invitou a unha boa comida. E aínda quedaba por filmar dous planos, entre eles o final. Que pasou? Que o botón do pantalón non lle abrochaba ao actor principal. Dende aquela, teño prohibido as grandes comidas. O seguinte que vou prohibir nas rodaxes: os teléfonos.

8- Por que en galego?

Porque é a lingua que sinto máis íntima, e porque as historias que me apeteceu contar ata o de agora, pedían esa lingua. Por conciencia, e porque é a única maneira de ir contra a globalización: que todos soemos igual, pensemos igual...

Non estou pechado a filmar en castelán, mais aínda non chegou a hora.

9- Curta ou Longa?

As dúas. Por momentos, as curtas teñen algo máis de liberdade derivado de que o peso dos cartos é moito menor. Pero a longametraxe digamos que te coloca no mundo. Para min son formatos iguais de importantes, e cos que vou seguir xogando.

Agora estou cunha curtametraxe titulada "Augas Abisais" despois da miña primeira longametraxe, Trote. Moi contento de poder combinar os dous formatos.

10- Tes algún referente na dirección? Que directores te marcaron?

Encántame Roberto Rossellini. Paréceme un director intelixentísimo, e cun talento fóra do común. Polo xeral gústanme as directoras e directores que non se conforman, que notas que están sempre buscando e xogando coa linguaxe. Os que ves que son inquedos e esixentes.

11- Como ves agora o audiovisual galego? Ten futuro?

Sinto que estamos nunha gran época, cunha xeración de cineastas que levan as películas lonxe, o máis lonxe que nunca viaxaron. Este mesmo ano Óliver Laxe vai estreir a súa terceira longametraxe, "O que arde", en Cannes. E están na recámara máis de cinco películas que se estreirán entre este ano e o que vén, que van dar que falar. E logo varias produtoras que están a traballar de maneira exemplar na televisión estatal, aproveitando moi ben o boom das series.

Creo que por primeira vez, as produtoras entenden que ese é o camiño máis sabio: darlle voz aos creadores. Antes, cando a billeiteira era a meta, fixéronse moitas películas sen alma.

12- Recomendaríasnos estudar cine? Por que ou por que non?

O primeiro que teño que dicir é que non fai falla estudar cine para facer cine. Non nos enganemos: é unha profesión complicadísima. Moi difícil. Con moita inestabilidade no traballo, que se traballa por proxecto. Es o que dura o proxecto no que estás embarcado. E que esixe ser moi bo no teu. É a única maneira de sacar a cabeza.

Se o necesitas, se cres que o cine (ou a arte) te pode completar: adiante. Non haberá maneira de que non o fagas. Pero vai con todas, vai esixir moito traballo e esforzo.

13- En tres palabras: que significa o cine para ti.

Xogar coa alteridade.



En Bruxelas, a capital de Europa

Valentina Escoval, Irene Martínez e Noemí Núñez, 2º Bach.



A última excursión que fixemos como alumnado do centro tivo como destino Bélxica, alí fomos con Fernando, Óscar e Alyse.

A excursión, de catro días, foi na Ponte de San Xosé, para non perder días lectivos. Os días nos que estivemos alí foron moi intensos e cheos de experiencias que recordaremos toda a nosa vida grazas aos nosos compañeiros e aos nosos acompañantes.

A viaxe comezou o 16 de marzo dispoñéndonos a coller o avión na cidade do Porto. Neste mesmo día chegamos a Bru-

xelas, deixamos rapidamente a nosa equipaxe no hotel e puxémonos en marcha para que non quedase un sitio sen ver. O primeiro que vimos foi a *Gran Place* que é moi popular e ademais fermosísima cunha arquitectura impresionante e moitos detalles dourados, vimos o boneco mexón

(*Manneken Pis*) moi coñecido tamén e xusto nese momento tivemos a sorte de escoitar unha comparsa boliviana. O segundo día foi un pouco máis intenso, collemos un tren para ver a cidade de Bruxas. Esta cidade, é moi pequena e tradicional, coas casiñas de cores e os cabalos andando por todas as rúas, aquí aproveitamos para dar un paseo polas canles; esta experiencia foi das mellores, xa que vimos perspectivas que unicamente se poden ver en barca. Ao coller o tren para volver a Bruxelas estabamos

moi cansos e a maioría acabamos durmindo.

Ao seguinte día fomos cara a Gante, unha vez máis en tren. Esta cidade é unha mestura de Bruxas, polo seu encanto e tradición, e Bruxelas, co seu eixe máis cosmopolita. Nesta cidade visitamos o Castelo Gravensteen polo que fixemos unha visita cunha audio guía, aínda que algúns dos nosos compañeiros máis que gozar o castelo botaron unha boa sesta ao sol, despois vimos o barrio dos graffitis, que foi unha experiencia moi diferente e por fin probamos os famosos gofres, que son moi ricos, pero demasiado doces.

O último día foi un día relax, só tiñamos unhas horas da mañá para comprar algúns recordatorios ou ben quedarnos no hotel como fixemos algúns do cansos que estabamos. Esa mesma tarde collemos o avión de volta ao Porto, aínda que cun imprevisto dunha hora de retraso na que aproveitamos para xogar a "Quen son" xunto con Alyse e máis Óscar.

Esta viaxe recordarémola sempre porque o pasamos espectacular! ademais de enriquecer os nosos coñecementos culturais.

No Auditorio de Galicia e por terras de Rosalía

Sara Barroso, Julia Barrio, 3º ESO



O día 30 de abril os cursos de 3º ESO fomos a Santiago de Compostela acompañados das profesoras Marta e Mónica. Chegamos aproximadamente sobre as 11:00, a nosa primeira parada foi na facultade de Filoloxía, onde fixemos un descanso, deixáronnos dar unha volta pola facultade, antes do comezo da obra musical, que era no Auditorio de Galicia, xusto ao lado. Foi unha obra tocada e interpretada por músicos da Banda do Concello de Santiago pero combinado cunha orquestra de xogos malabares, moi orixinal. Foi

marabillosa, entretida e amena. Cando rematou fomos á Catedral, á praza do Obradoiro e á Quintana, sacamos algunhas fotos e rápido fomos esperar ao bus, que tardou bastante. Despois de que nos recollera, fomos comer ao centro comercial "As Cancelas". Aproveitamos dúas horas para comer e facer compras.

Á saída fomos cara a Padrón, á Casa Museo de Rosalía de Castro, a visita, persoalmente a nolas dúas, pareceunos moi interesante, é admirable a vida de Rosalía e

todo o que conseguiu, malia ser muller, na súa época. Na primeira planta fixéronnos unha visita guiada, explicándonos un pouco a súa vida, e xa logo nos deixaron ver por nós mesmos a casa.

Ao saír sacamos unhas fotos e regresamos cara o bus, e aquí case remata a nosa viaxe, coa nosa última parada nunha área de descanso chamada "A pausa". De aí para a casa. Chegamos ao Barco sobre as 10.00 da noite.

A viaxe foi divertida e sobre todo enriquecedora!

Competencias e Mediación

Ana M^a Fernández. Orientadora do IES Martaguisela

A Lei Orgánica do Dereito á Educación (LOE) e Lei Orgánica para Mellora da Calidade Educativa, introduciron no sistema educativo dous conceptos novos: As competencias e a mediación escolar.

Respecto ás competencias (apeladas "básicas" na LOE e "clave" na LOMCE), cabe salientar que se consideran eixos centrais da actividade de ensino-aprendizaxe, posibilitando o desenvolvemento integral de cada estudante. Enténdense como unha combinación de coñecementos, habilidades, destrezas, crenzas, que actúan para dar respostas a situacións reais do contorno escolar e social, é dicir, están orientadas á práctica, constituíndose nun "saber facer" ou, mellor, nun "saber para facer".

Por outra banda, O Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, recolle no artigo 26, a mediación escolar como estratexia de intervención na resolución de conflitos. **A mediación escolar consiste en que unha persoa imparcial axuda, a través da comunicación eficaz e empática, a que outras dúas que teñen un conflito entre elas, atopen unha solución ao mesmo.**

Sumado a estas consideracións, hoxe desexaría reflexionar convosco sobre as **achegas da mediación escolar ao desenvolvemento das competencias clave no alumnado**, isto é, á súa formación integral.

Como seguro que sabedes, as competencias clave que recolle a LOMCE son:

--Competencia en Comunicación lingüística

--Competencia en Ciencias, Matemáticas e Tecnoloxía

--Competencia dixital

--Aprender a Aprender

--Sentido e Iniciativa Emprendedora

--Competencias Sociais e Cívicas

--Conciencia e Expresión Cultural.

A mediación baséase esencialmente na comunicación, a persoa mediadora axudará a que as persoas en conflito sexan capaces de escoitar e expresarse asertivamente, como paso imprescindible para comprenderse mutuamente e despois atopar unha solución ao problema. A competencia lingüística vese claramente favorecida, especialmente nos compoñentes sociais e pragmáticos.

Respecto ás Competencias Sociais e Cívicas, son elementos fundamentais a capacidade de comunicación en diversos contornos, a tolerancia, a expresión e com-

QUEEN PODE SER MEDIADOR OU MEDIADORA?

- Calquera membro da comunidade educativa que cumpra as normas anteriores.
- Quen teña vontade para axudar e valentía para facelo.
- Quen posúa unha mínima formación. Para este fin xa se impartiu un curso no que algúns alumnos e profesores participaron e pasarán a formar parte do equipo de mediación escolar do centro.
- Quen se comprometa a rexistrar os casos nos que interveña e os seus resultados.



EQUIPO DE MEDIACIÓN

Noa Barbosa Lago
Suhaila Kharbach dos Santos
Nerea Luis Alejandre
Génesis Gabriela Peña Almonte
Claudia Rodríguez Escuredo
Adam Ribeiro Absa
Silvia San José Álvarez
Ainhoa Vega Pérez
Jennifer Rodríguez da Cunha
Aime Bereneice Meza Aguilera
Irea Prada Alonso
Ana María Fernández Neira
Óscar Navas Aranda
Clara Vizcaya Álvarez



Teléfonos: 988320931
Fax: 988320931
Enderezo postal: Rúa A Coruña, 22. 32300
O Barco de Valdeorras
Enderezo electrónico:
ies.martaguisela@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmartaguisela/>





OS PRINCIPIOS DA MEDIACIÓN

- É un método para a resolución de conflitos no que as dúas partes enfrontadas recorren, voluntariamente, a unha terceira persoa imparcial, o mediador ou mediadora, para chegar mediante o diálogo, a un acordo satisfactorio.
- É un instrumento que favorece a transformación das relacións cara a un maior achegamento, respecto e comprensión.


PARA QUE SERVE A MEDIACIÓN?

- Contribuír á mellora das relacións interpersoais e á procura de solucións satisfactorias ós conflitos no centro escolar.
- Previr a violencia.




CONFLICTOS TÍPICOS QUE PODEN RESOLVERSE COA MEDIACIÓN

- Insultos, ameazas, rumores daninos, malas relacións persoais...
- Amizades que se deterioraron.
- Situacións que desagraden ou parezan inxustas.



QUE OUTRAS OPCIÓNS QUEDAN?

- Aterse ao Regulamento disciplinario do centro.
- Seguir co problema e sentirse cada vez peor con un mesmo e cos demais.



preensión de diferentes puntos de vista, a capacidade de negociación e a empatía. Todos estes compoñentes son imprescindibles para unha mediación que teña éxito e o sistema de mediación escolar inclúe a previsión de formar, con diferentes niveis de afondamento, ao alumnado do centro nestes elementos.

Por último, a participación nun proceso de mediación escolar eastimula, tanto nas persoas mediadoras como nas persoas en conflito, a creatividade, o auto coñecemento e a autoestima, así como unha actitude pro activa e de responsabilidade na resolución dos conflitos, desenvolvendo así a Competencia en Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor.

Durante este curso completamos a documentación necesaria para a implantación do sistema de mediación escolar no cen-

tro e constituímos o primeiro equipo de mediación, formado por alumnado e profesorado voluntario. **O sistema está xa listo e preparado para comezar a axudar na resolución de conflitos. Animámos desde aquí ao alumnado, ao profesorado e ás familias, que aconsellen acudir a este sistema en caso de necesidade. As vantaxes son numerosas para toda a comunidade educativa, non ten contraindicacións e si efectos secundarios moi desexables como aprender a comunicarse de xeito eficaz, aumento da autoestima, desenvolvemento da empatía, mellora do clima de convivencia escolar e mesmo ten propiedades preventivas de futuros conflitos. Non consultedes a persoal farmacéutico, será dabondo con achegarse ao Departamento de Orientación.**

Eu son Heavy

Antela Roo, 2º ESO



A música, desde tempos inmemoriais, forma parte de nós. Os músicos non interpretan música, a propia música é a que crea aos músicos.

De nena escoitaba na casa música folk e rock. Medrei cos temas de Bruce Springsteen, Milladoiro, Queen, Fuxan os Ventos e os Dire Straits. Pero hai un par de anos empecei a escoitar máis heavy. Coñecín os grandes grupos como AC/DC ou Led Zeppelin na radio e nas orquestras que viñan na festa. O meu rango de artistas aumen-

tou considerablemente. E este continúa progresando sen prása, pero sen pausa. Sempre pensei que o heavy é a música clásica despois da electrificación dos instrumentos. Un dos mellores exemplos é a intro da canción One de Metallica, interpretada unicamente cunha guitarra acústica, pero que semella toda unha sinfonía para orquestra. O heavy non é un simple xénero ou estilo de música, é toda unha filosofía de vida. As cancións son descargas de emocións, todos os grupos son diferentes entre si, cada un coas súas características propias. Malia que os temas das letras son moi variados, todos seguen un eixe común de crítica social: contra a guerra, os abusos contra os cidadáns, as drogas, excesos de poder e demais.

Os directos son espectaculares. Miles de voces cantando como unha soa baixo os focos. As ovacións ao final de cada canción. Os solos de guitarra eléctrica, enérxicos, complexos. Realizados con grande virtuosismo, técnica e velocidade, co maior número de notas posible, dentro dunha melodía persuasiva e de certa contundencia. Heavy en estado puro.

Os meus grupos favoritos son: Metallica, Motörhead, AC/DC, Led Zeppelin, Iron Maiden, Barón Rojo, Obús, Rosendo, Extremoduro e os Scorpions, entre outros. Todos eles para min comparten a máxima de Lemmy Kilmister, o mítico cantante e baixo de Motörhead: "un bo grupo non é o que che fai mover un tempo o pé, senón o que desata a túa imaxinación."

Como se fabrican as pezas dos coches? Visita a Autoneum

Amparo Laura Rodríguez, 1º Bacharelato B

Preguntástesvos algunha vez onde e como se fabrican algunhas das pezas dos coches?

Iso foi o que descubrimos os/as alumnos/as de 1º Bacharelato B cando o día 16 de outubro viaxamos á Rúa para coñecer de cerca Autoneum e poñer en marcha o aprendido en Economía.

Autoneum é unha fábrica de pezas de coches situada no polígono da Rúa.

Nesta fábrica a produción está baseada en pezas formadas por un conxunto de teas recicladas. Estas permiten o illamento do ruído do motor co cal son insonoras. Ao chegar preparámonos para comezar a

visita co material de protección: punteiras, gafas, cascos e chalecos. E antes de comezar escoitamos atentamente as medidas de seguridade.

Dividímonos en dous grupos. No meu caso foi Jorge (xefe de produción) quen guiou o meu grupo.

Jorge dirixiunos por todas as fases de produción, ensinounos a "tecnoloxía máis punteira" que estaban usando, e o reparto de materias primas a través dun tren, que para non parar a produción, nun vagón ía o produto final e noutro a materia prima.

Autoneum está formado por 196 traballadores, máis o equipo directivo. Estes tra-

balladores pertencen a unha fase diferente do proceso produtivo e para que o traballo neles non se faga 'monótono' cada certo tempo fan cambios e premian aos traballadores.

Cara ao final da visita e despois de quedar sorprendidos co proceso de produción, Silvia (directora de finanzas) contounos para quen producen e cales son os seus "mellores clientes".

Autoneum distribúe pezas a Palencia, Madrid, Vigo e Portugal. E contan con outra sede en Terrassa (Barcelona).

A produción é destinada para as marcas de Ford, Honda e BMW. E o 47% da produción viaxa ata Norteamérica.

Silvia falounos de que Autoneum é unha multinacional por iso importan o estudo referido as linguas e ter unha boa preparación. Tamén nos contou que Autoneum está formado actualmente por máis mulleres que homes traballando.

Foi unha visita agradable, da que aprendemos algo novo e no meu caso nunca visto!. Grazas a esta visita puidemos entender mellor a materia, desde outro punto de vista.



Tenerife

Jorge da Rosa, 4º ESO

Tras moitos meses de espera, dous festivos con venda de comida, venda de lotería, rifas e outros obxectos e unha gran campaña que realizamos nós e outros compañeiros doutros cursos, chega o día e a hora marcada para marchar ao "paraíso": 24 de marzo ás 3:30 da mañá. Aí, vinte dous compañeiros e mais dous profesores comezamos unha viaxe ata a illa de Tenerife.

Entre o autobús e o avión, pasamos unhas seis horas e media aproximadamente de viaxe. Teño que confesar que montei con medo no avión, pero pásase moi ben na viaxe, pero é moi aburrido. Tivemos que esperar un pouco no aeroporto de Tenerife polo autobús, ou como din eles, a "guagua" que nos levou ata Puerto de la Cruz, unha preciosa localidade onde nos hospedamos uns catro días.

Xa o propio domingo e tras unha sesta moi agradecida, partimos nun tren pequeno cara o famoso Loro Parque. Un dos zos máis grandes que vin na miña vida, cunha morea de especies animais e plantas exóticas e moi raros de ver. A miña parte favorita foi o espectáculo das candorcas. E tras unha cea o corpo pedía descanso.

Ao día seguinte, malia non poder ir ao Teide por unha tremenda nevada, fomos



facer unha ruta por toda a illa. Recorrémola desde o este ata oeste e de Norte a Sur. Estivemos no drago milenario (a árbore máis antiga da illa, que conta cuns 1100 anos de vida), estivemos en Garachico, en Marca, na praia dos Xigantes, etc. O condutor do autobús, perdón, "guagua", era moi amable e moi simpático. Xa o martes fomos visitar unha vila chamada La Laguna. Co que non contabamos, é que o Centro comercial estaba a catro quilómetros, co que fixemos unhas poucas imprudencias, sobre todo eu e un compañeiro, acabamos nunha autoestrada grazas ao Google Maps. Ao final, encontramos os nosos compañeiros

e demos chegado sans e salvos ao centro comercial. Para volver, xa collemos o taxi.

Ao terceiro día, fomos ao Siam Park, que me encantou, co que non contaba era con queimarme. Parecía un guiri: louro, queimado e non me entendían o que falaba (xa que estaba a falar todo o día en galego).

Xa ao cuarto, a dor das queimaduras e o cansazo, impedíronme levantarme da cama. Ese día ás 16:30 partimos cara a Lavacolla. Ás 23:30 chegamos á nosa casa. A verdade é que foi a mellor excursión da miña vida. Sen dúbida repetiría outra vez.

Descenso do Sella

Lucía González, 1º Bach.

Durante o 25 e 26 de abril, os alumnos e alumnas de 1º Bach viaxamos a Cangas de Onís. Despois de comer fomos aos kayak preparados para descender o Sella! (11 quilómetros). No lugar proporcionáronos o equipo e unha pequena clase para saber remar. Para chegar ao río subimos no kayak co remo na man e lanzáronnos por un tobogán de madeira, foi increíble! Terminamos cansos pero emocionados e mereceron a pena as maniotas dos brazos polo ben que o pasamos, xa que durante o traxecto tivemos incluso pelexas de auga. Ademais, tamén das vistas e dos rápidos. Esa noite fomos de paseo xuntos cos profesores que nos ensinaron a arte da sidra nese lugar. Ao volver para o hotel estivemos moitos reunidos nunha habitación para seis onde celebra-

mos desde duelos de baile ata duelos de rap. O 26 pola mañá almorzamos no hotel e dirixímonos á ruta que tiñamos en Picos de Europa.

Despois dunhas horas andando e gozando da paisaxe terminamos o recorrido de precipicios e covas xunto aos turistas. Os meus amigos e mais eu falamos cunha muller que nos ensinou unha fala de alí, ela díxonos: "luprica, luprica", que segundo nos dixo significaba "amodo, amodo".

Despois de comer na vila, ao final da ruta, viñeron uns taxis todoterreo a buscarnos para levarmos a un lugar onde puidera chegar o autobús. A paisaxe do descenso xunto co de Picos de Europa foron increíbles pero quedo cos momentos en grupo, todo inesquecible.




Breves



Día do libro



Alumnado de 2º de ESO escoitando a Sonia Mirón



Debuxando un poema



Alumnos e alumnas de 4º ESO co escritor Ricardo Gómez

CONMEMORACIÓN DO DÍA DO LIBRO: Departamento de Lingua Castelá. Para conmemorar o Día do Libro, o Departamento de Lingua Castelá e Literatura contou coa presenza da educadora familiar Elisa Maneiro. Acudiu ao Centro o día 23 de abril na súa faceta de contacontos para achegar aos nenos de 1º ESO a mitoloxía grega. Os alumnos deste curso ademais colaboraron coa realización de textos líricos e debuxos sobre un poema de Federico García Lorca. Os de 2º e 3º, para dar unha brisa de aire fresco a este día, realizaron un abanico chinés que no seu centro levaba frases para animar á lectura a toda a comunidade educativa. Como peche desta conmemoración, o día 13 de maio tivemos unha videoconferencia coa escritora Sonia Mirón. Comunicouse con nós para desvelarnos segredos da xestación das súas novelas: *Un sol dentro de mí*, *Si tú quieres* que tanto gustaron aos

nosos alumnos de 2º e 3º ESO. Manuela Alvarez, profesora de Lingua e Literatura Castelá.

DEBUXAR UN POEMA
Con motivo do Día Internacional do Libro, os alumnos de 1º ESO animáronse a debuxar un poema. A proposta do Departamento de Lingua Castelá, os alumnos/as de 1º ESO realizaron a interpretación gráfica do poema *A Aurora* de Federico García Lorca, onde o poeta granadino dá renda solta ao seu enxeño surrealista e emotivo para reflectir a miseria da sociedade neoiorquina por mor da crise económica desencadeada tras o "crack" financeiro de 1929. Os alumnos recollen nos seus debuxos algunhas das orixinais imaxes con que Lorca constrúe un dos seus poemas máis coñecidos. Jose Costas. Profesor de Lingua e Literatura Castelá.

Mergullarse nas letras para nadar entre sonos...



podería ser un bo plan para o verán! aí vos van unhas cantas **recomendacións:**
Cunqueiro, Álvaro: *Un hombre que se parecía a Orestes*
Vila-Matas, Enrique: *París no se acaba nunca*
Cunqueiro, Álvaro: *Se o vello Sinbad volvese ás illas*
Diéguez, Lois: *O canto do muecín*
Quiroga, Xabier: *O Cabo do Mundo*
Palacio, R. J.: *La lección de August*
Scott Fitzgerald, F.: *El gran Gatsby*
King, S.: *Cementerio de animales*
Punset, Eduard: *Por qué somos como somos*
Fernández Vidal, Sonia: *La puerta de los tres cerrojos*
García Robayo, Margarita: *Primera persona*
Costas, Leticia: *Infamia*
Gabriel, Narciso: *Elisa e Marcela*
Coetzee, J. M.: *Esperando a los bárbaros*
Gombrich, E. H.: *La historia del arte*
Camus, Albert: *El extranjero*
Marcolongo, Andrea: *La lengua de los dioses*
Díaz Núñez, Celia: *Unha verdade amarga*

Breves



VOLUNTARIOS NO LABORATORIO DE CIENCIAS/ Departamento de Ciencias
 En 1º ESO levamos un tempo realizando unha actividade voluntaria que nos permite coñecer un pouco máis o Laboratorio de Ciencias.

A idea xorde debido ao interese de alumnos e alumnas de 1º ESO por coñecer como é o traballo nun laboratorio de Ciencias Naturais. Grazas a isto, o Departamento de Cienciasponse en acción e decide propoñer unha serie de prácticas voluntarias que se realizan durante os recreos. Hai unha táboa para que o alumnado se anote e poida gozar do laboratorio en grupos moi pequenos e cunha atención personalizada. A verdade é que é moi interesante e, sobre todo, permítenos aprender moitas cousas que, probablemente, sería imposible aprender na aula, debido á falta de materiais. Ademais temos moitas anécdotas divertidas.

Algunhas prácticas que fixemos foron: aprender a utilizar o microscopio óptico, vendo mostras de tecidos, protozoos, larvas, pole...; crear cristais de sulfato de cobre; observar distintos tipos de flores e froitos; comprobar a capacidade calorífica da auga... Esperamos seguir gozando e aprendendo con esta experiencia os seguintes cursos. Belén Vázquez, profesora de Bioloxía.



Alumnado de 1º de Bacharelato na casa de Rosalía



24 de febreiro: Rosalía de Castro
 Papeliños con poemas de Rosalía ían nas mans do alumnado de 3º ESO para ficar pegados nas paredes, nas portas, nos cristais, nas aulas do centro. Despois na biblioteca leron algúns, cun sorriso para celebrar seu día. Rosalía sempre. Eterna.



XXIII XORNADAS MICOLÓXICAS DO BIERZO
 Como vén sendo habitual, o alumnado de 3º ESO participou outro ano máis no concurso relacionado co mundo dos cogomelos proposto pola Asociación Micolóxica Berciana Cantharellus.

Durante as XXIII Xornadas Micolóxicas do Bierzo entregáronse os premios aos participantes, recibindo o noso alumnado o primeiro premio na súa categoría polo seu traballo das "Famosetas".



CONCURSO DE FOTOGRAFÍAS DE 1º ESO/ Departamento de Ciencias
 Na materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º ESO propúxose un concurso de fotografías de invertebrados no que participaron moitos alumnos do curso.

Todo o claustro de profesores tivo a oportunidade de votar á súa fotografía favorita para elixir así as dúas mellores.

As gañadoras foron Zoe Barreda e Ainhoa Vega, ambas de 1º C que recibiron como premio un microscopio dixital para móbil e un telescopio dixital para móbil.



SAMAÍN
 Miguel e Zoe de 1º ESO, forman parte do grupo de teatro, e fixéronnos pasar uns recreos terroríficos dramatizando a lectura dalgúns contos do libro *Cando petan na porta pola noite*, de Xabier P. Docampo. Foron, ademais, tan amables de participar nunhas actividades que a Biblioteca Municipal do Barco organiza nestas datas. Desta volta coa súa lectura, animaron aos máis cativos...ou non, por que medo deron!

Breves




O grupo de teatro do IES Martaguisela presenta:

METATEATRO

...Aquí, en Broadway, have tamos o inmenso prazer de condooxar a Lalo Fizellio como o mellor director teatral do mundo esteiro!! Pai entrega do galardón a rainha de Inglaterra...

Marta Bello, Alina Cal, Daniel Cal, Priscila Costa, Albert Bello, Ana López, Iria López, Concha Pousa, Lucía Nogueira, Cicero Nogueira, Patricia Fernández, Anabela Rodríguez, Alejandro Sanja, María Rodríguez, Julia Barrio, Andrés Rodríguez

Mércores, 5 de xuño
Teatro Lauro Olmo
20.30 h.



GRADUACIÓN DO ALUMNADO DE 2º BACHARELATO



Toda unha vida

Elva M^a Delgado, profesora de inglés.

Empecei a miña andadura no curso 1980-81 cando no mes de febreiro e a través dunha amiga, una mestra de Ourense que viña a cubrir a xubilación de Manuel Folla, pai, contactou comigo para que a substituíra a ela no Colexio Condessa de Fenosa o segundo trimestre, mentres ela ía facer un curso de Educación Especial en Pontevedra. Daquela os Mestres podían chamar a calquera que tivese esa titulación sen mediar para nada a Delegación de Educación. A min pareceume xenial porque así ía entrando en contacto cos nenos e ademais gañaría algún cartos, 1.000 pesetas ao día traballado (a mestra titular xa debía pasar das 60.000/mes). O grupo no que ía dar clase era un 4º da antiga Educación Xeral B, así que hoxe en día, andarán polos 50 anos.

No 82-83 empecei a dar clase no Colexio Divina Pastora e alí estiven ata o ano 84 que foi cando aprobei a oposición ao Corpo de Mestres.

A partir desa data e empezando por Cangas, Vigo e Lalín, e, a partir do 85 xa na provincia de Ourense, e moi pronto na zona de Valdeorras, fun recorrendo colexios aínda que onde máis cerca da casa estiven foi no Colexio Julio Gurriarán onde pasei cinco anos; foi nese colexio no que estudaron os meus fillos, pasando logo ao Martaguisela ata que foron á Universidade.

O meu primeiro destino definitivo foi o Colexio de Vilamartín, onde estiven un curso. Participei no Concurso de Tras-

lados para o curso seguinte e obtiven a praza definitiva no Julio Gurriarán e despois xa pasei á ESO no Martaguisela.

Cando empecei no Martaguisela foi despois de ter estado en Comisión de Servizos no Centro Público de Adultos RADIO ECCA durante catro anos. Creo que era o segundo curso no que os alumnos do Plan da ESO estaban neste Centro e que proviñan do Julio Gurriarán, do Manuel Folla Respino de Vilamartín, do Virxe do Camiño de Rubiá e do Otero Pedrayo de Viloiira.

E aquí estou desde aquela! moitos anos pasaron xa. A 1º e 2º da ESO dabámoslles clase os Mestres que proviñamos dos centros antes citados.

Os primeiros anos da ESO foron difíciles para os profesores en xeral e para o alumnado era una experiencia totalmente nova estar no mesmo centro que os alumnos de Bacharelato, en máis dunha ocasión quixeron imitalos en actitudes non acordes coa súa idade. Pouco a pouco a convivencia foi mellorando para todos.

Que dicir da nosa profesión? Aínda que hai tantos anos Maxisterio era una carreira moi socorrida xa que só duraba 3 anos (o mesmo que ATS, Auxiliar Técnico



Sanitario), é ben certo que no meu caso embarqueime neste grande cometido porque me gustaba esta profesión, e segue a gustarme; é una grande satisfacción ver como os alumnos cambian a súa expresión facial cando están entendendo o que lles explicas; ao contrario, tamén nos sentimos frustrados cando non os vemos receptivos para entender o que lles explicamos ou simplemente "pasan de nós".

A pesar desa segunda parte, é moi bonito cando vas pola rúa e ves antigos alumnos que te saúdan cun sorriso, e máis aínda cando os chamas polo seu nome e che din:

-Ah, pero aínda te lembrás do meu nome?

Temores para a miña nova etapa: botar de menos dar clase e por outro lado, desconectarme da vida e da realidade da xuventude, non me adaptar mentalmente aos cambios na sociedade por non estar ao lado dos que constrúen o futuro.

Onde están?



Este equipo de mozos da foto estaba a prepararse para xogar un partido, hai moitos anos, nun lugar concreto do Barco... **saberíades dicirnos onde?**

Ata sempre Isabel, Olga, Paco e Rafa!

"Non é certo que a xente deixa de perseguir os seus soños porque envellece, envellece porque deixa de perseguir os seus soños."
Gabriel García Márquez

Compañeiros e compañeiras! que teñades, nesta nova andaina, moitos soños por cumprir e alegrías que compartir con todos os que vos apreciamos. É o desexo da comunidade educativa do Martaguisela.



Rafa Núñez. Conserxe



Olga García. Profesora de Filosofía



Paco Iglesias. Profesor de Plástica



Isabel Ferrer. Secretaria

Como sería hoxe o Instagram destes grandes músicos?

a.vivaldi
17 publicaciones, 8,9 mill. seguidores, 938 seguidos
Antonio Vivaldi
músico profesional
gústame moito a primavera 🌸🌸🌸
por fin poñen o meu emoji !! 🍷🍷
Nacín o 4/03/1678 en Venecia 🌍
NOVO TEMA SUBIDO!! 📺📺
www.youtubarroco.com

amadeus_mozart
5 publicaciones, 50 seguidores, 2 seguidos
Wolfgang
🎵🎵🎵🎵🎵 is life
VER TRADUCCIÓN

arethifranklin
4.133 publicaciones, 154 mill. seguidores, 785 seguidos
Aretha
Podedes chamarme LadySoul 🍷
Algunhas veces publico vídeos en IGTV ❌
901 Cherry Ave., San Bruno, California

caballemontserrat
2.549 publicaciones, 168 mill. seguidores, 437 seguidos
La Montsee
Barcelona
Montserrat Concepción Viviana Caballé Folch
Dalle ao botón de seguir para máis publicacións 😊
Esta cuenta es privada
Sigue esta cuenta para ver sus fotos y vídeos.

Sugerencias para ti
Aretha arethifranklin
SEBASSSS sebastianbach2.0
*Reng aka.re

Sara, Marina, Julia, Carolina e Tania. 3º ESO



O curso deu para moito...agora toca descansar!




O grupo de teatro do IES Martaguisela presenta:

METATEATRO

Mércores, 5 de xuño
Teatro Lauro Ojeda
20.30 h.

BO VERÁN!



Grazas á ANPA pola súa colaboración.